

## María Inmaculada

Celebramos a Festa da Inmaculada Concepción.  
Queremos fixarnos en ti, María,  
a Nai do Advento,  
para aprender a maneira de recibir a Xesús  
e de anunciálo para que outros lle coñezan.  
Ti es a nosa Nai e o noso modelo.  
Ensínasnos a dicir: Ven, Señor Xesús!  
Ensínasnos a dicir: Si, fágase o teu desexo en min.  
Ensínasnos a dicir: Co Espírito todo o podo.  
Ensínasnos a gardar a Palabra no corazón.  
Ensínasnos a superar o pecado, que é negación.  
Ensínasnos a crer e a esperar.  
Ensínasnos a vivir no servizo e a entrega.  
Grazas pola túa Si, María; grazas polo teu exemplo



### Os 4 cirios de Advento

Nesta semana acendemos o segundo cirio do Advento, o cirio do Si:

*María é como unha luz para o noso Advento. María escoitou a proposta de Deus e díxolle Si, preparou unha morada no seu interior para acoller e protexer a Xesús.*

*Que cada un de nós, Señor, confíe como María, e che digamos SI, para que, unha vez máis, nazas no noso mundo e agrome a esperanza no universo.*

*Ven axiña, Señor! Ven, Salvador!  
Todos: Ven, Señor Xesús!*



SUBE, SÚBETE AO AUTOBUS. A NOSA IGREXA ESTÁ FULL!  
SOMOS PEREGRINOS DE ESPERANZA  
SUBE, SÚBETE AO AUTOBUS, XESUCRISTO É A NOSA LUZ  
A NOSA ESPERANZA, FE E CARIDADE

Somos Igrexa que ten un destino,  
Viaxamos xuntos en fraternidade.  
Con alegría, como María,  
Esperamos a Xesús con humildade



Xuntos  
buscamos a XESÚS

Advento  
Peregrinos de Esperanza

Juntos  
buscamos a JESÚS




# Adviento

Peregrinos de Esperanza  
2-decembro-2024

## 2º-Advento-C

### A Inmaculada Concepción



# dile Si



## SÚBETE AO AUTOBÚS... DILLE SI!

### 1. Ver: Subimos ao autobús con María

- Seguímonos preparando para celebrar o Xubileo 2025 co lema “Peregrinos de Esperanza”. E para iso seguimos a dinámica que nos propón o debuxante Fano: imos de peregrinación nun autobús morado, a cor do Advento, camiño de Belén, ao encontro con Xesús. Esta semana veremos un personaxe “invitado” especial, a María, que se asoma polo portelo da Palabra de Deus para deixarnos unha consigna a realizar. Así será un Advento XUBILOS... **Que sabes de María? Que lle pide Deus e que responde?**

### 2. XULGAR: María di SI a Deus

- No evanxeo deste domingo, festa da Inmaculada Concepción, Deus envía o Anxo Gabriel a María para pedirlle que sexa a Nai de Xesús. Gabriel saúda: **“Alégrate, chea de graza.... Non temas, María... Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús”**. María, despois de amosarlle as súas dúbidas, acepta: **“Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra”**.

A Anunciación, canción de Valiván: <https://youtu.be/UZYzvpK2nLo>

### QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Ás veces sentimos medo ante algo que imos iniciar. Poderíamos completar esta frase: **“Se eu teño medo...”** (non fago o que ía facer, pásoo mal, sáeme todo mal...), O medo impídenos vivir de verdade, gozar o momento...
- **María**, é unha muller sinxela que, coa súa fe e valentía, cambia o curso da historia. Vive en Nazaré, é unha moza normal pero co corazón sempre aberto a Deus. Deus ten para ela un Plan: ser a nai do seu Fillo, Xesús. María non entende como vai ser iso. Pero o Anxo dille: “non temas” pois o Espírito Santo farao posible. **Ela confía e di: “Fágase”**.
- **María é o noso modelo de crente**. Ela vence os seus medos e fai posible que Deus cumpra os seus plans connosco. Deus necesita hoxe de persoas sen medo, valentes e atrevidas, que como María confían. Necesita crentes que como a María, “a chea de graza”, a chea do Espírito, confían sempre porque saben que como a ela non nos vai a faltar a forza do Espírito para **realizar o seu plan en nós**: acoller na nosa vida a Aquel que vén acender as nosas esperanzas e proxectos e facelo presente onde nos atopemos.
- Imitar a María Inmaculada, á que Deus preservou de todo pecado, é **aprender a dicirlle “si”**, “fágase”, o que ti queres de min, pois hoxe fan falta valentes que digan “SI”.

**Que aprendo de María? Pido a forza do Espírito Santo?**

### 3. ACTUAR: Dá o teu si á misión de anunciar a Xesús

- Seguindo o debuxo de Fano recortamos a **ventá de María**, coloreámola e colocámola na 1ª ventá do autobús. Pedimos “Espírito Santo, ven!” e cantamos “Subete ao autobús”.
- Acendemos o **2ª cirio de Advento** coa oración correspondente. Falamos de Xesús a un amigo. **Que imos facer?** Subete ao autobús, Fano/Quirós, canto: <https://youtu.be/Wv82rgbHFs>

**XÉNESE 3, 9-15. 20:** *Poño hostilidade entre a túa descendencia e a descendencia da muller.*

Xa chegan días —oráculo do Señor— en que cumprirei a promesa que fixen á casa de Israel e á casa de Xudá. Naqueles días e naquela hora, suscitarei a David un rebento lexítimo que fará xustiza e dereito na terra. Naqueles días salvarase Xudá, e en Xerusalén vivirán tranquilos, e chamarana así: “É Señor é a nosa xustiza”. *Palabra do Señor.*

**SALMO 97: R/ Cantade ao Señor un cántico novo, porque fixo maravillas.**

**EFESIOS 1, 3-6. 11-12:** *Deus elixiuos en Cristo, antes da fundación do mundo.*

**LUCAS 1, 26-38:** *Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.*

**Narrador:** Naquel tempo, o anxo Gabriel foi enviado por Deus a unha cidade de Galilea chamada Nazaré, a unha virxe desposada cun home chamado Xosé, da casa de David; o nome da virxe era María. O anxo, entrando na súa presenza, díxolle:

**Anxo:** -«Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo».

**Narrador:** Ela turbouse grandemente ante estas palabras e preguntábase que saúdo era aquel. O anxo díxolle:

**Anxo:** -«Non temas, María, porque atopaches graza ante Deus. Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús. Será grande, chamarase Fillo do Altísimo, o Señor Deus daralle o trono de David, o seu pai; reinará sobre a casa de Xacob para sempre, e o seu reino non terá fin».

**Narrador:** E María díxolle ao anxo:

**María:** -«Como será iso, pois non coñezo a home?»

**Narrador:** O anxo contestoulle:

**Anxo:** -«O Espírito Santo virá sobre ti, e a forza do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o Santo que vai nacer chamarase Fillo de Deus. Tamén a túa curmá Sabela concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaba estéril, **porque para Deus nada hai imposible**».

**Narrador:** María contestoulle:

**María:** -«**Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra**».

**Narrador:** E deixoua o anxo.

*Palabra do Señor.*

